

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE MÚSICA E MOVEMENTO



(*) Xefe de Departamento: Carlos Diéguez Beltrán

Obradorio de 3 a 6 anos | Martes e Venres de 16h a 17h

Programación Didáctica

Departamento MÚSICA e MOVIMENTO

ÍNDICE

1. Introducción
2. Obxectivos xerais
3. Obxectivos específicos
4. Contidos
5. Metodoloxía didáctica
6. Avaliación e seguimento
7. Atención á diversidade
8. Actividades complementarias e extraescolares
9. Materiais e recursos didácticos
10. Bibliografía básica

1. Introducción

O **Obradoiro de Iniciación Musical, “Música e Movemento”**, está dirixido a nenos e nenas de entre 3 e 6 anos. O seu obxectivo principal é introducir aos máis pequenos no mundo da música mediante a exploración lúdica e o movemento.

As clases impárteas Carlos Diéguez e celébranse os martes e venres de 16:00 a 17:00 horas, cunha duración de 60 minutos. Cada sesión combina aprendizaxe e diversión, para que os nenos adquiran coñecementos musicais ao tempo que socializan e se divirten cos compañeiros.

A música convértese aquí nunha experiencia máxica, onde os nenos e nenas se expresan libremente e descubren o seu potencial creativo.

O número máximo recomendado por grupo é de **16 alumnos/as**, o que garante unha atención personalizada e un clima participativo.

2. Obxectivos xerais

- **Desenvolvemento creativo:** fomentar a imaxinación e a libre expresión a través do xogo musical.
- **Capacidade de escoita:** mellorar a atención auditiva mediante audicións, contrastes sonoros e músicas variadas.
- **Desenvolvemento sensorial:** recoñecer sons agudos, graves, longos, curtos, fortes e suaves.
- **Coordinación física e rítmica:** mellorar a coordinación corpo–música a través de exercicios de ritmo e movemento.
- **Fundamentos musicais:** iniciar no coñecemento básico da notación musical, figuras e compases.
- **Apreciación musical:** introducir o coñecemento dos instrumentos e fomentar o gusto pola música a través da escoita activa.

3. Obxectivos específicos

- Traballar a **memoria auditiva** mediante cancións e xogos sonoros.
- Desenvolver a **coordinación motriz** con cancións que impliquen movemento.
- Estimular a **expresión emocional** a través do canto e da música en grupo.
- Fomentar a **creación musical** mediante improvisacións con percusión sinxela e percusión corporal.

4. Contidos

4.1. Contos musicais

Uso de contos como fío condutor para introducir conceptos musicais, estimulando a imaxinación e a comprensión lúdica.

4.2. Exploración sonora

Identificación de ruído, silencio e música. Uso da voz, obxectos e instrumentos de percusión para experimentar co son.

4.3. Ritmo e pulso

Actividades de movemento para traballar pulso, acento e secuencias rítmicas sinxelas. Desenvolvemento da coordinación motriz e do sentido rítmico.

4.4. Discriminación auditiva

Xogos para distinguir longo/curto, agudo/grave, forte/suave, subida/baixada. Mellora da atención auditiva.

4.5. Repertorio de cancións

Cancións infantís e tradicionais adaptadas á idade, que fomenten a expresión vocal e a seguridade no canto.

4.6. Iniciación á escritura musical

Familiarización con notas, figuras e compases a través de fichas visuais e xogos gráficos.

4.7. Coñecemento dos instrumentos

Introdución ás familias instrumentais da orquestra e recoñecemento de características sonoras.

4.8. Audicións clásicas

Escoita e dramatización de fragmentos breves de pezas clásicas, para estimular a imaxinación e a escoita activa.

4.9. Audicións e concertos

Participación en actuacións temáticas (Samaín, Nadal, Entroido, Letras Galegas, Fin de curso), mostrando o aprendido nun ambiente motivador.

5. Metodoloxía didáctica

A metodoloxía baséase na combinación de **actividades lúdicas** con **contidos estruturados**:

- **Xogos rítmicos:** para desenvolver pulso e coordinación.
- **Actividades de escoita:** para mellorar discriminación auditiva.
- **Exercicios vocais:** para traballar expresividade e afinación.
- **Xogos de movemento:** para conectar música e corpo.
- **Uso de TIC e medios audiovisuais:** TV, audios, vídeos e o canal de YouTube da Escola.
- **Percusión corporal e instrumental:** como recurso expresivo.

As sesións son **flexibles e adaptables** ao ritmo de cada neno, fomentando tanto a creatividade individual como a participación colectiva.

6. Avaliación e seguimento

- **Sen cualificación numérica.**
- Avaliación **continua**, mediante observación das actividades e progresos.
- Criterios: participación, interese, recoñecemento de sons e ritmos, mellora da coordinación motriz, desenvolvemento da escoita activa.
- As familias reciben **informes periódicos** de seguimento e poden asistir a actuacións abertas.
- Prevese **unha titoría mínima por trimestre** para orientar o progreso.

Escala de cualificación cualitativa

- **Excelente** – Supera amplamente os obxectivos. Actitude exemplar.
- **Ben** – Cumpre axeitadamente os obxectivos. Participación activa e responsable.
- **Apto** – Cumpre os mínimos establecidos. Evolución positiva.
- **Apto con mellora pendente** – Cumpre o mínimo, pero con aspectos mellorables.
- **Necesita mellorar** – Non alcanza os obxectivos con claridade.
- **Non apto** – Non se observou progreso significativo nin actitude adecuada.

7. Atención á diversidade

- **Actividades multinivel**, que permiten a participación de todos.
- Adaptación metodolóxica segundo idade, madurez ou necesidades especiais.
- Recursos visuais, manipulativos e auditivos para facilitar a inclusión.
- En caso de alumnado con **NEE**, establécense adaptacións e colaboración coa familia para garantir unha participación plena.

8. Actividades complementarias e extraescolares

O obradoiro participa en actividades organizadas pola Escola, tales como:

- **Audicións abertas** na aula ou na Escola.
- **Mostras en festividades locais** (Samaín, Nadal, Entroido, Letras Galegas, fin de curso).
- **Obradoiros interdisciplinares** (contacontos musicais, artes plásticas, dramatización).

Estas actividades teñen carácter **formativo, lúdico e motivador**, e están incluídas no **Plan Anual de Actividades da Escola Municipal de Música de Ortigueira**.

9. Materiais e recursos didácticos

- Instrumentos de percusión sinxelos: maracas, pandeiretas, tambores, claves, triángulos.
- Contos musicais e materiais gráficos adaptados á idade.
- Fichas visuais para traballar a notación musical de forma lúdica.
- Gravacións de pezas clásicas e vídeos para audicións.
- Recursos para dramatización: vestiario, obxectos e accesorios.
- Pantalla de TV, equipo de son e recursos TIC.
- Canal de YouTube da Escola e gravación das actuacións para autoavaliación.
- Libro según idade. Tan-Tata-Chan

10. Bibliografía básica

- **Tan-Tata-Chán**– Editorial Impromptu
- **Método Orff** de iniciación musical.
- **Willems**: Educación musical no preescolar.
- **Método Kodály**: Cancioneiro infantil.
- **Dalcroze**: Rítmica e movemento.
- Materiais propios da Escola Municipal de Música de Ortigueira.